



RESOLUCIÓN DO 21 DE MARZO DE 2023, DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA, POLA QUE SE APROBAN AS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS Á CONVOCATORIA DOS PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PARA O INGRESO NAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO REFERENCIADAS NO ANEXO I DO DECRETO 79/2022, DO 25 DE MAIO, POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CORRESPONDENTE AO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, E DE PRAZAS DE PERSOAL LABORAL OBXECTO DE FUNCIONARIZACIÓN, DE CONFORMIDADE COA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

No DOG do 29 de decembro de 2022 publicouse o ANUNCIO do 28 de decembro de 2022 polo que se convoca o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, dunha praza de xefe/a de negociado (categoría 002 do grupo III) con destino na xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e de catro titulados/as superiores (categoría 004 do grupo I) para a realización de proxectos de investigación científica e técnica no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e no Centro de Investigación Forestal de Lourizán, dependentes ambos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Consonte á indicación do anuncio as bases do proceso de selección e os sucesivos anuncios desta convocatoria publícanse no enderezo electrónico e no taboleiro de anuncios da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/organismos-adscritos/axencia-galega-da-calidade-alimentaria/documentacion>.

O prazo de presentación de solicitudes, de 20 días hábiles, iniciouse o 16/01/2023, ás 00:00:00 horas, e rematou o 10/02/2023 ás 23:59:59. Transcorrido este prazo, de acordo coa prescrición do artigo 7 das bases, o día 01/03/2023 publicouse o listado provisional de admitidos e excluídos, así como a lista de aspirantes pendentes de acreditar a posesión do título CELGA 4, abríndose un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para a presentación de emendas. Rematado o prazo outorgado sen constar emenda algunha compre publicar a lista definitiva.

Por todo o exposto, o presidente da Axencia, no exercicio das competencias previstas no artigo 13 do Decreto 52/2018 polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos

#### RESOLVO:

##### *Primeiro: Aprobación das listas definitivas*

Aprobar e publicar as listas definitivas de aspirantes admitidos (Anexo 1) e excluídos (Anexo 2) a cubrir, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, as prazas de persoal laboral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria identificadas no Decreto 79/2022 do 25 de maio.

- (1) Xefatura de negociado  
Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Santiago de Compostela)  
Grupo III Categoría II
- (2) Titulado/a superior investigador/a (2 prazas)





Centro de Investigación Forestal de Lourizán  
Grupo I Categoría IV

- (3) Doutor/a investigador/a (2 prazas)  
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo  
Grupo I Categoría IV

*Segundo: Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

*Terceiro: Impugnación*

Contra esta Resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria  
José Luis Cabarcos Corral





**ANEXO 1: LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS**

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: XEFATURA DE NEGOCIADO**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CELGA 4</b>
Monje Santos	Susana-Camino	***0915**	Si

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: TITULADO/A SUPERIOR INVESTIGADOR/A**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CELGA 4</b>
Furones Pérez	María del Pilar	***6354**	Si
Gómez García	Esteban	***6560**	Si
Fernandez Cruz	Javier	***0465**	Si
Santos Ucha	Jorge	***9732**	Si
Miranda Fontaiña	María Eugenia	***5175**	Si
Menéndez Gutiérrez	María	***5410**	Si
Díaz Vázquez	Raquel	***3777**	Si
de la Mata Pombo	Raúl	***2957**	Si

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: DOUTOR/A INVESTIGADOR/A**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CELGA 4</b>
Garabal Sanchez	José Ignacio	***5472**	Si
Campo Ramírez	Laura	***9401**	Si
Moreno López	Teresa	***4102**	Si
Fernández Otero	Cristina Isabel	***4310**	Si
Gago Montaña	Pilar	***2035**	Si
Sieiro Sampedro	Thais	***2640**	Si





## ANEXO 2: LISTADO DEFINITIVO DE EXCLUÍDOS

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: XEFATURA DE NEGOCIADO**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CAUSA EXCLUSIÓN</b>
Rama del Río	María	***7926**	Non acreditar a titulación requirida

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: TITULADO/A SUPERIOR INVESTIGADOR/A**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CELGA 4</b>
Sen exclusións			

**SISTEMA: CONCURSO**

**PRAZA: DOUTOR/A INVESTIGADOR/A**

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>NIF</b>	<b>CAUSA EXCLUSIÓN</b>
Monteagudo Diz	Ana Belén	***8866**	Solicitud presentada fora de prazo
García Presedo	Ignacio	***2420**	Solicitud presentada fora de prazo
Santos Ucha	Jorge	***9732**	Doutorado en materia non agraria

